

Programas de Educación Ambiental do CEIDA

ENTIDADE: CEIP Pío XII (Santiago)

ACTIVIDADE SOLICITADA:

- Roteiro polo Monumento Natural Costa de Dexo - Serantes
- Visita a Illa de Santa Cruz

DATA: 14 e 15 de xuño de 2011

HORARIO: de 10.30 a 13.00 h. e de 15.30 – 17.00 h.

LUGAR DE ENCONTRO: na Igrexa de Dexo ás 10.30 h

¿Como chegar?



- **AP-9:** Saída 3 "Ponte Pasaxe" ⇒ desvío "Santa Cruz - Praias" pola AC-173*
- **N-634** Saída "Ponte Pasaxe" ⇒ desvío "Santa Cruz - Praias" pola AC-173*
- **N-VI** en Perillo, desvío "Santa Cruz - Praias" pola AC-173*

TELÉFONOS DE CONTACTO: CEIDA (981.630.618)

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE SOLICITADA

A actividade programada terá como escenario dúas localidades do concello de Oleiros, Santa Cruz (Liáns) e Dexo.

A primeira parte terá lugar no espazo natural protexido que abarca a costa norte do Concello de Oleiros, o **Monumento Natural Costa de Dexo – Serantes**. Polos sendeiros próximos a zona acantilada do espazo protexido realizase unha ruta a pé de baixa dificultade.


A segunda parte terá lugar na **Illa de Santa Cruz**, na cal se encontra o Castelo do mesmo nome, sede do CEIDA e declarado Ben de Interese Cultural. A actividade consiste nun percorrido pola historia e os elementos naturais máis sobresaíntes deste pequeno illote enclavado no interior da ría da Coruña.

Temporalización

10.30	Recepción do grupo na Igrexa de Dexo Presentación da actividade
10.40	Roteiro polo Monumento Natural Costa de Dexo – Serantes (con parada para merenda)
13.00	Xantar e traslado a Santa Cruz
15.30	Visita a Illa de Santa Cruz
17.00	Remate da actividade e despedida


Recomendacións

- Roupas e calzado axeitados e cómodos para camiñar, tendo en conta as condicións meteorolóxicas do propio día (roupa de abrigo e chubasqueiro se hai mal tempo, e gorra, pantalóns longos e protector solar con bo tempo)
- É recomendable levar auga e evitar levar as mochilas con moito peso.
- Levar prismáticos e cámara de fotos en caso de que se dispoña deles.



INFORMACIÓN PARA O PROFESORADO

- As actividades comezan á hora concertada co responsable do grupo, calquera atraso por parte del grupo implicará recortar o tempo da actividade ou cancelar parte dela.
- Calquera solicitude de cambio de día, hora de chegada e/ou número de alumnos, debe facerse o antes posible no teléfono: 981.630.618, de luns a venres de 9:00 h a 14:00 h.
- Recomendase programar unha parada se a viaxe ata o lugar de encontro dura máis dunha hora.
- Cada grupo de 25 escolares é imprescindible que vaia acompañado por un profesor, que será o responsable do mesmo durante toda a actividade.
- A actividade desenvólvese maioritariamente no exterior. En caso de **condicións climatolóxicas adversas** non se dispón dunha actividade alternativa, polo que o equipo de educadores/as porase a disposición do profesorado responsable, que decidirá a realización da actividade (sempre que o grupo este equipado para soportar a choiva e o frío) ou a súa cancelación.
- O custe da actividade é 1 euro por participante. O pago farase ao rematar a actividade.



Outros programas de E.A. do CEIDA

Programa "A Illa de Santa Cruz, un rico patrimonio natural e histórico"

Este programa consiste nunha **visita guiada a Illa de Santa Cruz**, na que se fará un percorrido pola historia deste illote, resaltando os elementos arquitectónicos e as personaxes que se corresponden coas diferentes etapas históricas, e os elementos naturais máis sobresaíntes. O programa completase con **actividades asociadas a exposicións** de temática ambiental que o Castelo de Santa Cruz acolle de maneira temporal. Algunhas delas levan asociadas actividades específicas para centros de ensino. Estas actividades constan de dúas partes: dunha visita guiada a exposición e de diferentes talleres didácticos.

Máis información:

<http://www.ceida.org/educacion-divulgacion/programa-educacion-ambiental/illa-santa-cruz-rico-patrimonio-natural-his-0.html>

Programa de exposicións itinerantes

O CEIDA dispón de 5 exposicións que cede gratuitamente a todas aquelas entidades interesadas en recibilas temporalmente nas súas instalacións.

As exposicións dispoñibles son: Operación Monarca, Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible, Patrimonio Marítimo de Galicia, Áreas Mariñas Protexidas, O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción

Máis información:

<http://www.ceida.org/educacion-divulgacion/exposicions/exposicions-emprestito.html>

Mobilízate pola selva

O CEIDA colabora activamente en Galicia co Instituto Jane Goodall na campaña **Mobilízate pola selva**, que ten como finalidade protexer os ecosistemas africanos, en grave perigo pola caza furtiva, a minería e a deforestación con fondos obtidos da reciclaxe de móbiles. Converte o teu centro nun punto de información e de recollida de móbiles!

Máis información: www.movilizateporlaselva.org

Moitas grazas por participar no Programa de Educación Ambiental do CEIDA

Área de Educación e Divulgación Ambiental do CEIDA

